

---

## O SONO ANIMAL

Texto de SILVIA LAZZARINO BINELLI

Ilustracións de MARÍA JOSÉ ARCE LETELIER

Tradución de IAGO NICOLÁS BALLESTEROS

---

Encadernado en cartonné. 21,5 x 29,5 cm. 48 páx. 17 €

**O sono animal** (galego)

ISBN 978-989-35181-0-6. Ciencia.

**Sueño animal** (castelán)

ISBN 978-84-19213-42-6. Ciencia.

**Son animal** (català)

ISBN 978-84-18558-73-3. Ciència.

**Sono animal** (português)

ISBN 978-989-35181-0-6. Ciências.

*Dormir é unha actividade (ou unha inactividade?)*

*que ocupa gran parte da nosa vida.*

*Se calculamos que as persas durmimos*

*de media unhas oito horas ao día,*

*poderíamos dicir que, ao chegar aos cincuenta,*

*levaremos durmido case dezasete!*

*Isto é, máis dun terzo da nosa vida.*


En «O sono animal» poderás coñecer as insospeitadas formas de descanso de máis dunha trintena de animais, tan diversas como a mesma natureza.

Un paxaro que apaga a metade do cerebro mentres voa, unha mosca que adormece sobre a súa flor favorita e un peixe que se recosta na súa cama de burbullas...

Uns dormen escasos minutos, mentres que outros o fan durante longas tempadas.

A algúns gústalles permanecer enterrados e, a outros, apiñados no alto dunha árbore para que os depredadores non os alcancen.

Unha obra cuxo minucioso contido científico se complementa cunhas elocuentes e detalladas ilustracións a acuarela.



---

■ **Temática:** o sono de diferentes especies de animais.

■ **Idade recomendada:** a partir de 7 anos.

■ **Aspectos destacables:** natureza; ecoloxía; animais; educación ambiental; libro informativo.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-sono-anim-al-g>

---

### Silvia Lazzarino

Estudou Bioloxía, Deseño e Comunicación da Ciencia na Universidade Católica de Chile e, posteriormente, formouse en ilustración botánica e científica. Cofundadora do Círculo de Ilustradores Naturalistas de Chile, conta con experiencia na creación e dirección de proxectos de comunicación científica. Imparte cursos e participa en exposicións e congresos. Algúns dos seus traballos son parte de publicacións de centros de conservación e programas de divulgación científica e outros integráronse en exposición colectivas en Chile e os Estados Unidos.

### María José Arce

Tras terminar os seus estudos de Arquitectura, especializouse en ilustración. Publicou unha gran cantidade de libros infantís e para adultos. Unha das súas técnicas favoritas é a acuarela, a cal a levou tamén a ampliar os seus coñecementos en ilustración botánica. Forma parte da Fundación Chilco, organización sen fins lucrativos que busca fortalecer os vínculos entre as persoas e a natureza. Alén de ilustrar, imparte obradoiros para compartir os seus coñecementos.

---

www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com

---